



**ACTA PLENO REANUDACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO
PLENO O DÍA 19 DE NOVEMBRO DO 2019.-**

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez. AUSENCIA XUSTIFICADA: D. José Manuel Cendán Fernández</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e corenta e un minutos do día dezanove de novembro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

6º Mocións e Propostas

Dáse conta da moción do Grupo Municipal do P.P.: “Proponer una rebaja y bonificaciones en el tipo de impuesto de bienes inmuebles” de data 11 de outubro de 2019, de seguinte teor literal:

PROPONER UNA REBAJA Y BONIFICACIONES EN EL TIPO DEL IMPUESTO DE BIENES INMUEBLES

Jose Manuel Cendan Fernandez, portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efecto de notificaciones en la oficina que el propio grupo tiene en el citado Concello.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

El impuesto de Bienes Inmuebles en Ares, actualmente tiene fijado un tipo impositivo de 0,68% para urbano y 0,75% para rústico.

Cuando el Gobierno Socialista se hace cargo de la Alcaldía de Ares, en el año 2007, el tipo impositivo era de 0,55% para urbano y 0,70% para rústico.





Actualmente en Ares sufrimos uno de los IBIs mas altos de Galicia tanto por su tipo de gravamen como por su valoración catastral.

Actualmente en Ares a diferenciade la mayoría delos Ayuntamiento de Galicia con una normativa moderna y actual no existe un procedimiento de concesión, previo cumplimiento de los requisitos exigidos, de beneficios fiscales en el Impuesto sobre Bienes Inmuebles. Los beneficios fiscales se clasifican en exenciones (a pesar de que se realiza el hecho imponible la ley exime del cumplimiento de la obligación tributaria principal} y bonificaciones (porcentaje de descuento a aplicar sobre la cuota íntegra).

PROPUESTA:

1º - Instar al Concello a rebajar el tipo del impuesto para el próximo ejercicio, en especial el tipo aplicable a los bienes de naturaleza rústica ya que no l1a sido revisado en los últimos años.

2º - Instar al Concello a bonificar el impuesto de Bienes Inmuebles en los siguientes supuestos:

- Bonificación del 50% para los bienes inmuebles de características especiales donde se desarrollen actividades relacionadas con el sector pesquero, explotación de parques y – recintos feriales o actividades náuticas.
- Solicitud de Exención en el Impuesto sobre bienes inmuebles para Entidades sin fines lucrativos (recogidas en el art. 2 de la Ley 49/2002, de régimen fiscal de entidades sin fines lucrativos y de incentivos fiscales
- Bonificación de hasta el 50% de la cuota íntegra del I.B.I para los bienes inmuebles en los que se hayan instalado sistemas para el aprovechamiento térmico o eléctrico por medio de energía renovable proveniente de del sol, geotermia, aerotermia o biomasa. La aplicación de esta bonificación estará condicionada a que las instalaciones para producción de calor incluyan colectores que dispongan de la correspondiente homologación por la Administración competente.
- Bonificación del 50 % en la vivienda habitual certificada con la más alta calificación de eficiencia energética.
- Bonificación de hasta el 90% de la cuota íntegra del I.B.I para aquellos sujetos pasivos que tengan la condición de familia numerosa.
- Bonificación del 95% para bienes rústicos de cooperativas agrarias y de explotación comunitaria de la tierra.
- Solicitud de exención en el impuesto sobre bienes inmuebles por repoblaciones forestales autóctonas y especies autóctonas de crecimiento lento. (art. 62.2 c Texto ref. Ley HLL).

En Ares a 11 de octubre de 2019

Fdo.: José Manuel Cendán Fenández





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que continuamos o pleno do pasado 28/10/2019 que foi suspendido porque esta Alcaldía-Presidencia non podía dirixir a sesión, e estábamos no punto 6 cunha moción do grupo popular que pide unha rebaixa e bonificacións no tipo de impostos e estábamos na segunda quenda de intervención onde o voceiro do PP quería falar outras cousas pero non quería falar da moción, eu dinlle a palabra para falar da moción e el quería responder a unhas cousas que se faloron la comisión e non se lle da a palabra para contestarlle a algo que eu lle digo na comisión entón efectivamente iso limitei a que o dixera en rogos e preguntas, contéstame en rogos e preguntas ou en outra comisión pero non no punto da moción e efectivamente non puido ser e se levantou a sesión. Estaban esgotados as dúas quendas de intervencións e quedaba votar, porque creo que xa debateramos. Imos a fixar posicións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas, e antes de nada dicir que é bastante preocupante como se están desenvolvendo os plenos, e tamén é bastante preocupante como se está a cumprir a normativa e os regulamentos. Nós decidimos vir ao pleno porque si, pero realmente don deberíamos vir, o pleno non se suspendeu, o pleno levantouse.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que eu dinlle a palabra para falar da moción, iso o pode dicir nunha xunta de voceiros pero volvemos ao mesmo, eu doulle a palabra para falar da moción iso o pode dicir en rogos e preguntas, nunha xunta de voceiros, en comisións. Eu senón podo dirixir os plenos os levanto, si che dou a palabra para falar dunha moción e lla quitei e suspendín o pleno ao Sr. José Manuel Cendán Fernández por non facer caso pois a ti tamén teño que facerche o mesmo.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que iso non é para rogos e preguntas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que é o máis correcto.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que o que dicíamos ao respecto de esa baixada que propoñía o PP na primeira intervención, nós entendíamos que iso había que deixalo sobre da mesa esta petición do PP para tratalo nunha comisión informativa e retomar o que son todas as ordenanzas de todos os impostos. É certo que o concello de Ares dende o 2008 ao 2018-2019 pegou un subidón moi grande nos impostos, iso non hai que ocultalo de feito o concello de Ares está de estar no 2008 no número 32 na posición provincial e agora está no número 6, agora estará un pouco máis porque estes son datos do ano 2016, as gráficas o deixan ben claro de onde estábamos na posición autonómico no ano 2008 e onde estábamos no 2016 de número 20. Os ingresos fiscais do concello tamén cegan é unha realidade, e a realidade é que o aumento de ingresos fiscais do concello de Ares multiplicouse por tres, no 2008 1450000€ no 2016 3693000€. Todo isto é consecuencia dunha política económica, pero iso non quere dicir que haxa que baixar o IBI senón que o que hai que mirar é a globalización dos impostos porque estendemos que a presión fiscal dos habitantes que tamén se multiplicou por tres e non hai máis que ver a gráfica dende o 2008, 255 e media e no 2016, 251 de media todo isto cega que hai que atacar a globalidade. Nós estamos de acordo en que se paguen os impostos xa que as





obras públicas hai que pagalas o que non estamos tan de acordo é que se paguen os impostos e que non se teñan os servizos, que a xente se lles cobre o recibo da auga, pero que a xente non teña auga entón, volvemos a facer esa proposta que fixemos hai seis anos ao respecto de que se volvan a mirar todas as ordenanzas para que haxa unha presión fiscal xusta e axustada.

Sendo as 09:46 h a Sra. Marcos García ausentase do pleno.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Sendo as 09:47h a Sra. Marcos García incorporase ao pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é moi bonito ensinar as táboas ata o 2016, pero claro non recolles o 0,1% que se baixou no 2017 nin recolles o 0,1% que se baixou no 2018, é certo que para o ano que ven non baixamos outro 0,1% porque xa explicamos que o ano que ven é un ano no que temos que destinar uns cartos importantes a esas inversión do auga as que te refires pero ben, poñer a táboa cando estamos a 0,70% e agora que estamos a 0,68% pois non a tes ata o 2016 para non recoller que agora estamos en 0,68%. Eu non quero desculparme de ningunha subida de impostos porque a tiven que facer e nese sentido o froito da mesma en que nestes momentos temos o mesmo que debíamos cando gañamos as eleccións no 2007, eu entrei aquí cunha débeda de dous millóns e pico de euros e agora hai unha débeda de dous millóns de euros e por desgraza chegou a estar en catro millóns douscentos mil, en consecuencia iso ademais non impediu que bateramos récords en obras, porque todas as obras que se fixeron en Ares foron feitas nunhas situacións económicas malas cunha débeda de catro millóns seiscientos mil euros que había que pagar e resulta que entramos con dous partes infantís e agora temos once, temos casa da xuventude, centro de día, gardería, arranxamos rúas que eran paradigmáticas no escaso mantemento como era o mazote que estaba esnaquizado, a subida ao cementerio, rehabilitamos prazas a da Constitución a da Igrexa e o que fixemos está aí e en consecuencia a subida de impostos ninguén a levou a casa, nin ninguén a comeu foi motivada por unha situación, é certo que houbo unhas axudas estatais para todos os concellos de España, o Sr. Montoro non aprobou as liñas de crédito para pago a provedores só para o concello de Ares é dicir, non foi unha actuación única e exclusivamente para Ares, senón que todos os concellos de España estaban na mesma situación e en consecuencia eu non teño a culpa de que esas axudas foran ao 5% cando se podían haber dado como a Marbella ao 0% de interese así que canto máis corruptos e máis miserables máis axudas é dicir, a Mabella déronlle as axudas a provedores a tipo 0% e a Ares e a outros concellos ao 5% entón ben, pois esa é a historia da subida de impostos do 2011 que por certo foi antes das eleccións e sacamos un concelleiro máis, porque efectivamente o explicamos e a xente entendeuno, era unha situación complexa e agora temos que iniciar unha baixada progresiva a iniciamos no IBI con dous centésimas e teremos que seguir nesa liña, porque loxicamente se imos a mellor pois non hai ningún problema pero vamos que a de 2011 foi como foi que deu os seus froitos e estamos cumprindo o plan de axuste que pagamos a provedores en 20 días e que efectivamente estamos saíndo da situación de débeda que tiñamos pois é impepinable e por certo que sempre o digo, nunca prometín baixar os impostos nas eleccións, nunca na vida esa non é a política do partido socialista entón eu non incumpro





nada en consecuencia, non é como outros partidos que gañan as eleccións dicindo que van a baixalos e despois os subilos e dicir, eu nunca levei no programa electoral ningunha baixa de impostos porque entendo que eses criterios non deben depender dun compromiso oportunista senón que deben depender dunha realidade económica si a situación o permite ben e se non o permite pois non o permite pero ben en calque caso é para contestar a esa intervención de que efectivamente as contas están aí para comparar e por suposto non nos negamos a esa revisión xeral proposta polo BNG, non nos negamos o que si é certo é que si a facemos hai que ver como o facemos, eu o que non estou disposto é coller as ordenanzas levalas a vinte comisións para non chegar a nada porque isto é un traballo que alguén ten que asumir entón, si encontramos un vehículo onde efectivamente nos repartimos as ordenanzas entre os grupos para facer propostas e para facer un debate, pero para facer un debate insulso onde o goberno ten que currarse de todo e ir a comisión a que o escoite para logo non chegar a nada, pois para perder o tempo non, que non digo que se vaia a perder o tempo, pero para perder o tempo non, si o BNG e capaz de aplicar unha folla de ruta a vemos e non nos negamos a facer ese estudo global que se pide aquí.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías soamente un apunte por alusións, as gráficas fiscais que mostrei son do 2016 porque os datos que collín para ser certos son do portal de SIA local e soamente permitía descargar ata o ano 2016, non estaban actualizados, aínda con esa baixada mínima que fixeron seguimos sendo o primeiro concello da provincia da Coruña.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que Vigo ten 0,73% é unha gran cidade e dicir, todo o mundo está por encima do 0,70% a partir de 100000 habitantes entón, nós estamos no 0,68%, Neda no 0,67% e dicir unha centésima menos e que son máis baratos os pisos en Neda, en Neda o terreo é máis barato que en Ares, estamos falando dunha ou dous centésimas porque 0,65% e 0,66% ten case todo o mundo, nós estamos no 0,68% xa expliquei porque, porque se debían 4600000€. Pero logo hai outra pregunta, en Ares os terreos e os pisos son máis baratos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez simplemente dicir que cada ano se incrementa a presión fiscal aos aresáns e non é verdade o que esta dicindo porque Mugar dos ten o 0,54% na urbana, Cedeira o 0,48%, Narón 0,62%, Fene o 0,60%, Pontedeume 0,55%, Sada 0,50% e Betanzos o 0,46% que ten moita máis poboación que nós.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que estas collendo os que están por debaixo pero hai outros concellos que están como nós e teñen o solo máis barato entón xa dixemos, puxemos o 0,70% porque tivemos que facer fronte a unha situación especial e agora temos que seguir facendo fronte a unha situación especial, o ano que ven temos que asumir obras moi custosas entón o ano que imos a asumir as obras do auga as máis importantes imos a baixar e vou a pedir cartos a xunta baixando os impostos aquí dirán, vostede baixa os impostos e agora ven aquí a pedir cartos pero é que é normal o esforzo fiscal é un dos criterios que todas as





administracións teñen en conta a hora do reparto de fondos, a máis esforzo fiscal, máis fondos te dan porque é lóxico que quen no fai un esforzo fiscal é lóxico que lle digan antes de vir a aquí a pedir cartos suba os impostos, é moi cómodo ter impostos baratos e logo ir a deputación a pedir fondos ou a xunta. Nós temos un esforzo fiscal propio dunha situación excepcional, esa situación excepcional cambiou, espero que si, onde estaba a carga fiscal máis importante, no IBI porque vehículos de motor é máis caro Fene en terrazas máis ou menos como todos, nós o temos diferenciado no IBI, no IBI estamos por enriba de todos os demais o resto está igual, entón é no IBI no que temos que facer o esforzo e aínda encima baixamos dúas centésimas ao 0,68%, pero efectivamente o ano que ben non podemos asumir ese compromiso porque é un ano onde temos que achegar un 20% a unhas obras dunha infraestrutura onde non debíamos de achegar nada, eu entendo que non debíamos de achegar nada, un concello do PP pide obras e as dan, alí chega un concello socialista e nos esixe que poña a deputación porque é do PSOE é infumable, pero como é a única alternativa que me dan teño que collela.

Unha vez fixadas as posicións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta do BNG que este tema quede enriba da mesa.

Sometida a votación a proposta do Grupo Municipal do BNG. “Que a rebaixa e bonificacións do IBI quede enriba da mesa” o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 2 do BNG), 2 en contra (2PP-1 Ausencia Xustificada), acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que queda aprobada a emenda do Grupo Municipal BNG, que queda enriba da mesa sen prexuízo de que falemos de todo isto.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai

7º Rogos e Preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías facendo referencia a súa primeira intervención e manifestando que efectivamente hai maneiras de dirixir o pleno, e levantouse cando vostede dixo levantase a sesión. Cando vostede di que se levanta a sesión dáse por rematado o pleno, pero claro un pleno non se pode dar por rematado se é que non se rematan os puntos polo tanto, sabemos que as cousas teñan a súa repercusión, recentemente condenouse a un Alcalde precisamente por esta historia, por levantar o pleno sen finalizar. O presidente do pleno ten a potestade de expulsar do pleno a aquelas persoas que non atenden as súas chamadas de atención e iso é o que a noso xuízo tiña que facer, tamén lle propoñemos que si quere facer un receso diga que é un receso, pero digo que a formalidade estrita segundo a norma non foi cumprida hoxe estamos todos aquí para rematar o pleno pero esperemos que isto non se volva a repetir porque daquela si que non estaremos aquí.





En canto a rogos e preguntas que tiñamos previstas para este pleno, nós referimos hai tempo xa mediante unha pregunta, creo que foi en xullo ou en agosto sobre unhas cuestións dunha empresa que é SOGAVI que tiña montado unha antena en Montefaro e a situación que levaba a unha muller a presentar unha serie de preguntas que incluso chegaron ao valedor do pobo, preguntas que no seu día non quería contestar e aquí o que aconteceu e a resposta do Alcalde foi que mentres o expediente non estaba rematado non tiña porque dar información. Sorprendentemente o mes pasado vemos como nestas resolucións da Alcaldía creo que era a 441/19, 443/19, 446/19 e algunha que outra máis, hai unha serie de requirimentos que nós entendemos que van na liña que pretendía a denuncia de esa señora ou sexa, que van en contra do que vostede me dixo a min no pleno, dicindo que aí non había nada que facer que iso non era cousa do concello. Aquí agora o que vemos é que se lle obriga a esta empresa a revisar a súa actividade, iso é o que eu entendo entón, si é así ¿cal foi a motivación de ese cambio de parecer do Alcalde? En xullo vostede dicía que iso non era unha cousa do concello que era unha loita de dúas persoas e que si acaso tiña que ser o Ministerio de Defensa que é o titular dos terreos o que solucionase é a resolución da alcaldía 441/19 e varias é a que se lle di que efectivamente esa empresa ten que deixar a súa actividade.

Outra cuestión é un rogo non é unha pregunta, é ao respecto da organización, nós xa estamos un pouco cansos dos cambios a última hora e sen xustificación, un pleno pódese cambiar sempre que haxa unha xustificación pero o que está pasando no concello de Ares últimamente non pasa en ningún outro concello de Galicia, a variedade, a improvisación, a decisión de última hora de cambios de comisións informativas, de plenos isto non pasa en ningún sitio, eu rógo lle que teña en conta que aquí hai trece concelleiros cada un cunha axenda pero todos con un único compromiso que foi o que nos dimos ao principio do mandato que foi o de sinalar hora e data dos plenos, ao respecto diso xira as nosas axendas da nosa vida civil e dicir que non temos dedicación exclusiva nin parcial polo tanto está sendo para nós difícil seguir o ritmo marcado por unha improvisación que entendemos que non ten porque ser polo tanto noso rogo é, que nos atañamos a organización que nos dimos ao principio do mandato e si hai que organizar doutra forma reunámonos, pero o que non pode ser é unha improvisación o que non pode ser é que hoxe que tiña que haber comisións non hai e non se nos explicou o porque non estaban convocadas, hoxe tiña que haber este pleno extraordinario cando entendemos que este pleno extraordinario podía ser antes do pleno ordinario tranquilamente entón nós facemos ese rogo.

Outro apuntamento que quería facer é tamén un rogo ao respecto do debate que teñen entre o PSOE e o PP aquí en Ares ao respecto da presión fiscal, eu insisto na globalidade, e insisto tamén na situación dos distintos concellos. Hai que mirar cando se fan as revisións do catastro, porque non afecta igual unha revisión feita ultimamente que concellos que levan con revisións fai moito tempo, e tamén hai que ter en conta unha cousa Sr. Alcalde eu creo que o feito de que o solo en Ares sexa do máis caro e que vostede a iso lle achaca un feito a favor dicindo que as nosas propiedades valen máis que noutros concellos iso hai que velo tamén en relación ca renda percapita, porque paréceme moi ben que o solo en Ares este caro, tamén está caro en Oleiros pero a renda percapita de Oleiros non ten nada que ver ca renda percapita de Ares, son





dous temas totalmente distintos isto nos está levando a que a cantidade de persoas maiores que hai e familiares que teñen que soportar esta presión fiscal non lle vale de nada que teña unha casa que lle custou moitísimo facer e que fixo con moito sacrificio de moitos anos se agora esa casa vaise a revalorizar de tal forma que a súa entrada de cartos non é capaz de facer fronte é tamén unha cuestión que hai que ter en conta, porque o que si que estamos vendo tamén nas últimas resolucións da alcaldía é a cantidade de xente que hai que axudar pagándolle o piso, a luz o auga como está sufrindo para manter.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a concelleira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez facendo referencia a aprobación de pago de facturas chámamos a atención 5000€ que se lle fixo a Caetano e queremos saber en que consistiu esa contratación. A segunda pregunta urxe cambiar unha marquesiña de Lubre que caeulle o teito e a terceira pregunta é cando vai a levar a cabo a mesa de contratación pendente da EDAR.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que as preguntas formuladas polo PP vounas a responder no seguinte pleno porque non teño os datos, en canto as do BNG dicir que eu fun concelleiro da oposición e nunca lle levei a contraria ao Alcalde que presidía o pleno e sempre fixen o que el dicía, nunca se me ocorreu dobrarlle o pulso, intervir cando non me daba a palabra, nunca se me ocorreu entón, o que fai o Sr. José Manuel Cendán Fernández nos plenos é impensable porque a el nunca se lle fixo, ninguén lle montou ningún polo porque ata efectivamente naquel pleno que foi bastante violento onde se cesou a funcionaria do xulgado de paz ata nos levantamos e nos fomos como protesta, nin quixemos intervir oito veces, nin dezaseis, nin trinta e dous, cando vimos a situación o PSOE e o BNG nos levantamos como protesta e aquí me queren torcer o pulso ou sexa lle dou a palabra para falar dunha moción e di que quere contestar as cousas que se faloron en comisión, pero que estamos de broma ou que eu que son diferente, eu son un alcalde que non teñen as potestades que teñen os demais eu non podo facer nada do que se fai en San Sandurniño ou do que fixo Cendán cando foi alcalde, eu non o vou a consentir a ningúen e eu non teño policía local no pleno que o expulsou a empuxóns, lle chamo a policía local que é o que quer, pois non asumo iso, non asumo que teña que chamar a policía local, senón podo dirixir o pleno levanto a sesión e si me chama un xuíz o explico e que colla a gravación e que me diga si así se pode dirixir un pleno si teño que dar explicación porque un alcalde as tivo que dar por levantar un pleno, pois terei que ir a dalas e dicir mire dirixa vostede o pleno nestas condicións eu non teño policía local. O outro día dixen se levanta a sesión e equivoqueime, porque ao momento falei cos voceiros e vin que entraban en razón e quixen continuo e non puido ser porque algúns concelleiros xa se foran pero claro, agora tamén teño que ser perfecto tamén.

En canto a SOGAVI, o ton con que vostede intervir rompe os esquemas porque a min non me votan sospeitas de corrupción ou favoritismos ninguén e o ton con que vostede intervir a min me exaspera porque coa miña honradez non xoga ninguén. Aí hai unha guerra entre dous entidades que xiran tráfico no tema das antenas, e unha quería que lle deixara poñer na que o





outro non lle deixou poñer e como o outro non lle deixou poñer e sabe que hai unha antena abandonada veu aquí e lle esixiu ao concello a utilización dunha antena abandonada que non sabemos de quen é dicindo que ía a operar dende esa antena e que nós nos fixeramos os idiotas cando metera un cable polo camiño a batería da bailadora e que nos fixeramos os parvos porque ía a meter un cable para utilizar unha antena que está abandoada e lle dixemos que nós non lle podíamos propiciar ningunha antena que vaia a defensa como foi o outro e que pida os permisos que tiña que pedir, o outro foi a defensa e pediu os permisos que tiña que pedir todos, é a única antena con expediente administrativo no concello de Ares, todas as antenas que están alí se puxeron por pelotas e sen ningún tipo de licenza e cando chegamos a alcaldía fixemos unha ordenanza para regular o espazo radioeléctrico para antenas e nola recorreron e gañaron no xuízo, e teñen unha actividade económica todas, porque a través desas antenas de televisión por publicidade cobran e non pagan nada ao concello de Ares, é a única actividade económica pola que o concello de Ares non ingresa e eu son incapaz de loitar contra iso, e cando teño unha a que lle estamos aplicando o regulamento presenta todos os estudos e hai expediente administrativo resulta que se me critica no pleno como que quero darlle un trato de favor, é alucinante pois ben, esta antena está tramitándose con todos os permisos, hai unha guerra entre eses e hai un expediente que o señor non culminou porque lle falta algo, como lle falta algo que non culminou e ademais hai unha denuncia da competencia pois efectivamente dictamos as resolucións que proceden, lle dixemos trae o que che falta porque te están a denunciar e basta para que te estean denunciando para que efectivamente cumbras, porque senón te están denunciando podemos darche un mes máis para que traías a documentación, pero si te están denunciando douche dúas semanas si en dúas semanas non o traes se suspende a actividade e como non o trouxo pois se lle suspende a actividade e iso é a realidade, non é outra. Aquí actúase con xenerosidade sempre, pero si hai unha denuncia hai que poñer a lupa entón, este home estaba tramitando o expediente con certa tranquilidade de todos os permisos de navegación aérea, defensa, pero lle falta traer algo e porque se utiliza esta radicalidade pois porque hai denuncia pois ben, tes que traer o que tes que traer esa é a lei é a realidade e en consecuencia de esa denuncia se lle atribúen consecuencias xurídicas cando ao mellor en circunstancias normais esperaríamos unha semana máis, porque non imos a esperar unha semana máis si para resolver temos tres meses, para resolver a denuncia da señora temos tres meses polo tanto podíamos esperar tres meses, pero non actuouse dende o primeiro momento e n dous semanas non trouxo o que tiña que traer e actuouse, porque non se actuou antes, porque se espera a que traían as cousas e senón as trae non se lle pode dar licenza pero é así con todo o mundo.

A organización de plenos e comisións, aquí puxéronse os plenos e as comisións os días que eu podía vir, luns plenos e martes comisións son días nos que eu podo vir e en consecuencia e intentase respectar, que eu saiba se segue facendo todo luns e martes que pasa, que as comisións de hoxe non se puideron facer hoxe, e que hoxe van vir alcaldes da asociación de municipios indianos a facer unha visita entón se puxo o pleno as 09:00h porque van vir as 12:00h pero non pode haber comisións porque ían a vir alcaldes da asociación de municipios indianos e a última hora o venres pola tarde as oito suspenderon a visita entón, todo ten a súa razón de ser eu non teño o do da oblicuidade non o teño, e onte saín de casa as oito da mañá e





cheguei as sete e media fun a todos os sitios e logo a tarde recibindo xente que non puideron pola mañá entón eu non puido, si se teñen que cambiar para outra data pois se cambian, pero sempre van a ser luns e martes porque son os días que eu podo e en consecuencia é lóxico que a axenda teña cambios entre outras razóns porque agora efectivamente somos máis e Alma traballa, José Juan traballa, Luis tamén e teñen as súas quendas e tamén hai que ter en conta esa realidade. Eu cando estaba na oposición tiña comisións as doce da mañá saía do meu centro de traballo as once pagábame a autoestrada, viña a comisión que duraba dez minutos e tiña que volver a Santiago podían poñela as nove da mañá así de Ares ía a comisión e logo a Santiago pero non a poñían as doce, saía de Santiago viña e volvía para Santiago e non me preguntaban que día a poñían nin a hora pero ben Emilio ti sigue rindo e facendo puntos cando te tende a man que está moi ben, e moi agradable ver ese xesto.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que vostede di que se pagaba a autoestrada pero vostede non recorda que o PP non se negaba a pagar a autoestrada.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non, que o PP negábase a pagar a autoestrada, tiven que negociar con Mercedes e soamente a pagaron un ano dos catro entón Emilio o de sempre tes un marchamo e eu teño o meu e non vou a cambiar, nin ti te vas a rir de min, nin eu de ti e si estabas a rir e segues rindo e nun momento ademais moi bo.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non se estaba a rir, que o que non pode ser e que eu faga unha pregunta e que vostede me conteste con outra, os plenos non son os luns, é o último luns de mes entón vostede non xustifique con que é o luns e as axendas as temos todos e de verdade que aquí é moi difícil ser conselleiro, en todos os concellos da comarca que preguntei non pasa isto, en Ares é moi complicado ser conselleiro.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que todo se fai os luns e os martes porque son os únicos días que eu podo facelo, e cando non se fan eses días é porque pasa algo non porque levanteime tarde e dixen non me apetece que haxa pleno ou porque voume ao bar a tomar un café, todo ten a súa motivación e sempre é por motivos de traballo, se a min me cita a consellería o día que vai haber pleno e non me cambian o día pois teño que cambiar o pleno é así, a min me dan as citas e non me din que xa podo ir, si me dan un día que non podo ir intento negociar e hai concelleiros/as que din ou o colles ou o deixas ou senón para dentro de tres meses, senón podes vir o martes as dez ata dentro de tres meses no podo darte outra.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que si sabe que as comisións son a semana anterior ao pleno e non se van a celebrar, tanto costa dicir esta semana non imos a celebrar as comisións e que nos teñamos que comprender porque simplemente non se convocaron sen haber unha xustificación e que eu creo que non estou a pedir nada doutro mundo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o facemos todo tan mal que xa non sei como facelo ben.

En canto as ordenanzas ninguén se cerra a unha revisión global pero o incremento na recadación máis importante que se deu no IBI tamén foi pola loita do fraude fiscal en Redes,





Estacas, Loureiros, Chanteiro había moita edificación que non estaba dada de alta, construción modernas que non estaba no padrón fiscal entón, bo parte do incremento desa multiplicación por tres das que se fala nos ingresos foi pola loita contra o fraude fiscal, encontramos casas que non pagaban IBI, casas que non pagaban saneamento porque tiñan pozo e non estaban no padrón do auga, esa loita polo fraude fiscal axudou loxicamente a recadar máis é dicir, loitamos dunha forma eficiente contra o fraude fiscal e logo a ponencia dos valores do IBI e do 2006 non é da máis actualizadas é unha ponencia de valores de fai trece anos entón efectivamente, o incremento fiscal anual que é automático e polo IPC aquí aplicase o IPC como se aplica en todos os concellos.

En canto as preguntas do PP non teño os datos e non vou a preguntar aquí quen era ese señor entón contestareinas no próximo pleno.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e seis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e vinte e tres minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

